

# **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

O Proxecto Educativo é un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado pola comunidade escolar a partir da análise da propia realidade, que actúa de xeito coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, dotando aos Centros da eficacia necesaria para acadar os seus obxectivos.

## **1.- DEFINICIÓN DO CENTRO**

### **1.1.- Identidade**

É un centro público que se define como potenciador de valores éticos, que pretende conquistar dos alumnos unha formación integral e personalizada en coñecementos, destrezas e valores morais en todos os ámbitos: persoal, familiar, social e profesional, a través de actitudes abertas, democráticas, favorecendo a igualdade entre sexos e contrario a todo tipo de discriminación.

É unha escola insertada na nosa cultura, nas nosas tradicións e ao mesmo tempo respectuosa e aberta a outras culturas.

Os nosos principios educativos baséanse na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Declaración dos Dereitos do Neno, na Constitución Española, nas Leis Orgánicas de Educación, e no Estatuto de Autonomía e lexislación autonómica.

### **1.2. Tipo de Centro**

É un centro público de Educación Infantil e Primaria, adscrito ao IES Agra do Orzán. Foi creado no ano 1977 e leva o nome da gran mestra e pedagoga galega María Barbeito e Cerviño.

### **1.3.- O Entorno**

O Colexio atópase na rúa Alcalde Salorio Suárez, nº 28, da cidade da Coruña. Está emprazado nun gran barrio moderno e en vías de expansión, entre a zona industrial da cidade (Refinería, Polígonos Industriais ...) e a zona comercial (Rúa Barcelona, Os Rosais).

As familias pertencen á clase media predominando os matrimonios novos onde traballan ambos os dous, cunha media dun ou dous fillos. Adícanse principalmente a traballar no sector de servizos, industrial e funcionariado, aínda que existe unha minoría de baixo poder adquisitivo debido ao paro e a outras circunstancias.

Tamén asisten ao centro alumnos dunha zona rural lindando coa urbana (Bens, A Silva, A Moura ...) que empregan o transporte escolar.

O barrio conta cos seguintes servizos:

- Un polideportivo situado nos terreos do colexio.
- Ambulatorio.
- Oficina de Correos e Telégrafos.
- I.E.S. e Bacharelato.
- Asociacións de veciños (Agra do Orzán, Ventorrillo) e diversos clubs deportivos.
- Dispón de transporte público e paradas de taxis.

#### 1.4.- Elementos que o conforman.

##### 1.4.1.- Elementos Naturais.

O Colexio está repartido en tres edificios:

- *Administrativo*, de planta baixa, onde se atopan o salón de actos, cunha pequena cociña office, biblioteca, sala de profesores, secretaría, dirección, sala de visitas, servizos, conserxería, pequeno almacén, tres aulas de Educación Infantil de 3 anos, e un local para a ANPA.

- *Edificio central*, que consta de tres plantas ou andares. Nel atópanse vinteseis aulas, adicadas a Educación Primaria.

Na planta baixa atópanse as aulas de 1º e 2º de Primaria, ademais das de Música, Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, e servizos.

No 1º andar están as aulas de 3º e 4º de Primaria, así como dúas aulas de Inglés, unha de vídeo, unha de usos múltiples, dúas titorías, e os servizos.

No 2º andar sitúanse as aulas de 5º e 6º de Primaria, así como unha aula de estudo, dúas aulas de Informática, dúas titorías, o despacho da Xefa do Departamento de Orientación, e servizos.

- *Edificio de Educación Infantil.* Construído con posterioridade, está un pouco alonxado dos anteriores. Na planta baixa ten un pequeno ximnasio e a sala de caldeiras, e nas outras dúas, seis aulas de Educación Infantil, un aula de vídeo e unha Biblioteca. Os servizos son compartidos entre dúas aulas.

- No medio dos dous primeiros edificios existe un patio central cuberto, e ao redor dos tres, seis pistas adicadas a diversos deportes: dúas pistas de fútbol, unha de baloncesto, patinaxe, unha pista polivalente onde se practica hóckey, e unha zona de xogos infantís cuberta, ao lado do pavillón de Educación Infantil.

Entre as distintas pistas e os patios hai zonas verdes con árbores, bancos e dúas fontes.

O colexio conta tamén cun pavillón polideportivo, construído no ano 1994 que está ao servizo do alumnado do centro no horario lectivo, de comedor e das actividades extraescolares en horario de 16 a 19 horas. Este pavillón é compartido co barrio no horario restante.

Cada profesor-titor ten asignada unha aula, aínda que dispón de diversos espazos flexibles para outro tipo de actividades: salón de actos, aula de informática, vídeo, inglés, música ...

O colexio dispón dun inventario do mobiliario e material didáctico que se está revisando e ampliando cada ano.

#### 1.4.2.- Elementos persoais

##### PROFESORADO

Según o catálogo publicado na Orde do 18 de xuño de 2008 (DOG do 4 de xullo), o catálogo de postos e o seguinte:

*Nº de unidades* – Educación Infantil: 9 definitivas  
Educación Primaria: 18 definitivas  
TOTAL: 27 unidades

*Postos de traballo:*

E. Infantil: 12  
E. Primaria: 17  
F. Inglesa: 3  
F. Francesa: 1  
E. Musical: 2  
E. Física: 3  
P. Terapéutica: 2  
Audición e Linguaxe: 1  
Dep. de Orientación: 1  
TOTAL: 42

Hai que engadir as dúas profesoras de relixión. Cada final de curso, en función das necesidades, solicítase da Inspección Educativa a dotación de persoal de apoio (mestres e coidadores).

No centro predomina o profesorado definitivo. Os profesores asisten a diversos cursos de perfeccionamento organizados polos distintos organismos relacionados coa Educación (CEFORE, Xunta ...).

ALUMNADO

O alumnado do centro están distribuídos en nove unidades de Educación Infantil e dezoito de Educación Primaria. A ratio é moi elevada, rondando o máximo.

A maioría dos alumnos vive no entorno do centro (Ventorrillo, Agra do Orzán, Bens, A Silva ...), unha minoría procedente dos inmigrantes de América do Sur, Europa e Asia, e existe unha minoría étnica así como unha minoría con necesidades educativas especiais.

Destaca neste centro a integración das minorías non existindo discriminación nin nos profesores, alumnos nin persoal non docente.

Trátase en xeral dun alumnado alegre, integrado no centro e no barrio, bos compañeiros e que non presentan graves problemas de disciplina.

O nivel de coñecementos e bó aínda que nos últimos cursos de Educación Primaria nótase falta de hábitos de traballo persoal na casa.

Existe unha minoría con problemas ambientais (familias desestruturadas, paro ...) que son axudadas dentro das nosas posibilidades a través do titor e coa axuda do Departamento de Orientación, ou dos Servizos Sociais do Concello ou da Xunta de Galicia.

### PERSOAL NON DOCENTE

Existe unha auxiliar administrativa e un conserxe.

A auxiliar administrativa realiza as tarefas que lle indican o Secretario e o Director do Centro. O seu horario corresponde ao horario escolar completado polas tardes segundo a lexislación vixente.

O conserxe realiza as tarefas propias sinaladas polo Concello de A Coruña. O seu horario é o que marca a lexislación vixente.

A limpeza realizaa unha empresa dependente do Concello de A Coruña.

O horario de atención ao público por parte do persoal de Secretaría é de 9 a 13'30 horas e os luns de 16 a 18 horas.

### ANPA

No centro existe unha Anpa denominada "ANPA AGARIMO" que colabora na realización das actividades extraescolares do centro, así como nas complementarias que se lle solicitan. Tamén se responsabiliza do funcionamento do comedor escolar e do servizo de coidado e vixilancia antes do comenzo da xornada lectiva.

A relación cos profesores e a dirección do centro é fluida, boa, e baseada no respecto mutuo.

## **2.- OBXECTIVOS**

Como centro público que somos concebimos a educación como un servizo á sociedade e ao entorno en que está ubicado, e participamos na concepción da educación como un importante elemento compensador das desigualdades sociais.

Intentamos formar un tipo de persoa susceptible de emprender iniciativas, elaborar criterios propios, fomentar o seu espírito crítico e impulsar o razoamento, debendo o alumno estar preparado para interpretar as súas propias experiencias, expresar a súa afectividade de xeito espontáneo, e poder dar cauce á súa creatividade. Debe ser tamén capaz de penetrar no seu interior en busca de respostas aos interrogantes que a vida lle plantexa, e ao mesmo tempo comprometerse solidariamente co seu entorno e coa colectividade.

O eixe do noso traballo será o desenvolvemento das competencias básicas que permitan encamiñar a todo o alumnado cara a consecución dunha formación integral mantendo sempre a necesidade de aprender ao longo de toda a vida.

Cremos no valor do esforzo, que debe ser compartido por alumnos, pais, profesores e administracións. A sociedade debe apoiar creando un entorno favorable para a formación persoal permanente.

Apoiaremos o labor dos profesores que están comprometidos na súa tarefa de desenvolver ao máximo as capacidades dos seus alumnos nun marco de calidade e equidade.

Queremos que os nosos alumnos tomen conciencia das agresións que sofre nos nosos días o entorno físico; o respecto e a defensa do medio natural serán para nós obxectivos prioritarios.

Comprometémonos na defensa da Paz, potenciando valores como a comprensión, a tolerancia e a solidariedade desde as primeiras idades.

Consideramos a educación na paz e para a paz como un dos obxectivos prioritarios. Así pois traballaremos na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Queremos ser unha escola intelixente que aprenda a través da experiencia, da historia, do traballo reflexivo e da cooperación de todos, e así contribuir á calidade da educación e ao pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nosos alumnos.

### **3.- ESTRUCTURA ORGÁNICA**

#### 3.1.- Órganos de gobierno

O noso centro organízase a través dos órganos colexiados e unipersoais do Centro. Os órganos de goberno e de coordinación docente dos Centros Públicos regúlanse a través da Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo e pola Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.

##### 3.1.1.- Órganos de goberno unipersoais.

Son fundamentalmente tres: o/a Director/a, o/a Xefe/a de Estudos e o/a Secretario/a. Todo o relacionado coa súa composición, elección e funcións está regulamentado polas leis anteriores e os decretos que as desenvolven.

##### 3.1.2.- Órganos de goberno colexiados.

Son o Consello Escolar e o Claustro de Profesores.

###### *- Consello Escolar*

O seu funcionamento, composición e funcións axustarase ao disposto no Capítulo III da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación e o Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro, pola que se aproba o Regulamento das Escolas de Educación Infantil e os Colexios de Educación Primaria, a Orde do 22 de xullo de 1997 e o Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro (DOG 26/01/1999).

No seo do Consello Escolar existirán as seguintes comisións:

- Comisión do Observatorio da Convivencia Escolar.
- Comisión económica.
- Comisión de escolarización.

###### *- Claustro de Profesores*

A súa composición e funcións está recollida no Capítulo III da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE), do Decreto Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG

do 21 de outubro, pola que se aproba o Regulamento das Escolas de Educación Infantil e os Colexios de Educación Primaria, a Orde do 22 de xullo de 1997 e o Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro (DOG 26/01/1999).

### 3.2.- Organización Pedagóxica.

#### 3.2.1.- Órganos de Coordinación Docente.

A - Equipos de Ciclo.

B - Comisión de Coordinación Pedagóxica.

C - Equipo de Normalización Lingüística.

D - Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

A súa composición e competencias están recollidas no Título III do Decreto 374/1996 do 17 de outubro, do seguinte xeito:

\* No capítulo I, artigos 54 ao 60: Equipos de Ciclo

\* No capítulo II, artigos 61 e 62: Comisión de Coordinación Pedagóxica.

\* No capítulo III, artigos 63 ao 68: Equipo de Normalización Lingüística.

\* No capítulo IV, artigos 69 ao 79: Equipo de A. Complementarias e Extraescolares.

Todos eles adaptados á Orde do 22/07/1997 e ao Decreto 120/1998 do 23 de abril.

#### 3.2.2.- Organización do alumnado.

Cando os alumnos entren en Educación Infantil serán adscritos equitativamente nas diferentes aulas e por orde alfabética dentro da súa respectiva aula, agás casos excepcionais descritos nos criterios que figuran no Regulamento de Réxime Interno.

Reagruparanse os alumnos nos pasos de ciclo, seguindo os citados criterios de distribución.

Os alumnos, ademáis da súa aula, disfrutan das distintas dependencias do colexio: aula de música, biblioteca, aulas de informática, ximnasio, pistas, polideportivo cuberto, salón de actos.

### 3.3.- Servicios Complementarios.

#### 3.3.1.- Transporte Escolar.

O colexio dispón de transporte escolar para os alumnos que residen a máis de 2 km., sendo as súas paradas: A Moura, Comeanda, Bens, San José e Mazaido.

Existe tamén un transporte para recoller aos alumnos de etnia xitana que viven no poboado de Penamoa.

#### 3.3.2.- Comedor Escolar.

Funciona desde o curso 1998/99 a través da empresa de catering JARDANAY baixo a responsabilidade da ANPA e a supervisión do Consello Escolar. O horario é de 14 a 16 horas, estando os alumnos ao coidado de varias monitoras.

#### 3.3.3.- Programa de acollida e vixiancia antes do inicio das clases da mañá.

A partir do curso 2007/2008 creouse este servizo que funciona en horario de 8 a 9 da mañá, presentando dúas modalidades: coidado e atención aos alumnos e almorzo e coidado. A ANPA é a responsable do seu funcionamento e organización, e baixo a supervisión do Consello Escolar.

#### 3.3.4.- Actividades extraescolares e complementarias.

- As actividades extraescolares están organizadas polo Consello Escolar, coa colaboración de pais e profesores.

As actividades deportivas están subvencionadas polo Concello de A Coruña en gran parte, e abranguen unha gran variedade de deportes tal como figura no PAC.

As actividades culturais non están subvencionadas polo Concello, e comprenden un amplo abano de actividades tal como figura no PAC.

- Actividades complementarias: Na elaboración e proposta dos obxectivos a conseguir na programación das actividades complementarias, partimos da realidade concreta na que nos encontramos, tendo en conta as características tanto persoais como do contorno no que se desenvolven.

Obxectivos xerais:

Entrelazar o feito educativo coa tradición popular, en especial, coas festas como expresión dos sentimentos máis profundos do pobo.

Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos e experiencias que xa teñen.

Valorar a diversidade lingüística e cultural propia xunto con outras da península.

Favorecer relacións persoais e afectivas marcadas pola cooperación, o encontro e a solidariedade.

Promover unha educación respectuosa co medio ambiente.

Potenciar a observación, a expresión oral, a creatividade e a imaxinación.

Coñecer o seu entorno, a súa cidade.

Valorar a nosa historia e as súas manifestacións artísticas.

Entre as actividades a realizar dentro do centro destacan: O Magosto, o Nadal, o Día da Paz e o Día das Letras Galegas.

O Colexio participa nos seguintes programas que organiza o Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña: Descubrir Coruña, Descubrir o Teatro, Descubrir a Música, e Descubrir os Libros. Tamén se realizan outras visitas e actividades programadas polos profesores do nivel ou ciclo correspondente (visita a Granxas, encoros, tren ..., tal como figura no PAC).

#### 3.3.5.- Servizo Sanitario.

Os alumnos dispoñen do seguro familiar.

En caso de accidente leve son atendidos no propio centro e de ser grave avísase ás familias. De non poder atendelo, encargárase o profesor-titor pola mañá, e o monitor pola tarde, que levarán ao alumno ata o centro sanitario máis próximo, tal como figura no Regulamento de Réxime Interno.

### 3.3.6.- Centro de recursos da zona.

O colexio dispón do Centro de Recursos da Consellería de Educación (CEFORE). En canto á asistencia social o centro depende de diversos centros sociais da Coruña, según o domicilio do alumno (Labañou, Os Rosais, Sagrada Familia e Os Mallos), cos que traballamos na atención ás familias que o precisen.

### 3.4.- Xestión Económica.

A xestión económica do centro é xestionada pola Dirección do Centro, a Secretaría e a Comisión Económica.

No mes de abril preséntase un presuposto para o próximo curso para a aprobación no Consello Escolar. Ao rematar o ano preséntase o Balance Económico Anual á Comisión Económica que revisa todas as facturas, e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

### 3.5.- Mobiliario e recursos didácticos.

O centro posúe o mobiliario adecuado ás súas necesidades, aínda que se poden mellorar (introducción de ordenadores nas aulas, renovación do mobiliario escolar ...).

*Recursos didácticos.* Cada profesor programa as actividades da súa clase, orientadas a conquistar as aprendizaxes e conductas establecidas na súa programación anual de acordo co PEC.

Conta coa colaboración dos equipos docentes de nivel, de ciclo, da comisión de coordinación pedagóxica e coa do equipo directivo.

O seu traballo docente apoiarase en métodos e técnicas de aprendizaxe que sexan dinámicas e potencien tanto o traballo individual como o traballo en equipo e que permitan unha motivación, unha actividade creadora, unha aprendizaxe, unha avaliación e unha recuperación.

Contará para isto co suficiente material audiovisual, de estudo, e de traballo (mapas, libros, videos, dicionarios, enciclopedias, material de oficina, ...) que está á súa disposición na Biblioteca e nas distintas titorías.

De non ter o material apropiado estableceranse contactos co Centro de Recursos, co CEFORE ou calquera entidade que o proporcione (Xunta, Concello, Deputación ...).

### 3.6.- Elementos administrativos e de xestión.

Todo o relacionado coa administración e xestión do centro é realizado polo Equipo Directivo cumprindo cada cal co seu cometido, axudados pola auxiliar administrativa.

*Secretaría.*- Nos arquivadores hai a seguinte documentación de carácter administrativo e pedagóxico:

- Expedientes individuais dos alumnos.
- Libro rexistro de matrícula.
- Libros de actas do Consello Escolar, Claustro e Comisión Económica.
- Libros de contabilidade e arquivo de facturas.
- Libro de rexistro de correspondencia oficial e arquivo de correspondencia.
- Libro de rexistro de faltas de asistencia e puntualidade e arquivo de solicitudes xustificantes das ausencias do profesorado.
- Inventario do mobiliario e material escolar.
- Actas trimestrais e finais de avaliación e actas das reunións dos órganos de coordinación docente.

### 4.- CARACTERÍSTICAS DO PRESENTE PEC.

Este proxecto comenzouse a elaborar no curso 2007/2008 por parte do Equipo Directivo e presentase á consideración do Claustro de Profesores e á aprobación do Consello Escolar no 2º trimestre do curso 2010/2011. Engadiranse despois os diversos documentos que o constitúen:

- Plan de convivencia.
- Plan Lector.
- Plan TIC.
- Plan Titorial.
- Regulamento de Réxime Interno.
- Proxecto Curricular.
- Plan de Autoprotección.

No curso 2007/2008 quedaron rematados os seguintes Plans: Plan de Convivencia e Plan Lector, e parte do Plan Tic e do Regulamento de Réxime Interno.

No presente curso rematáronse os seguintes: Plan Tic, Regulamento de Réxime Interno, Plan de Autoprotección, e Plan de Acción Titorial.

O Regulamento de Réxime Interno foi reformado no curso 2011/2.

Este documento introductorio do PEC foi actualizado logo de presentarse a consideración do Claustro e aprobación do Consello Escolar no curso 2012/3.